


# CURSO FORMACIÓN PARA A DOCENCIA. O LABOR DOCENTE E FORMATIVO DESDE O TRABALLO SOCIAL



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6

15707 Santiago de Compostela | A Coruña

Tel. 981 568 100 | Fax 981 941 898

[www.traballosocial.gal](http://www.traballosocial.gal) | [info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

## Indice

0.	INFORMACIÓN DO CURSO.....	1
1.	FUNDAMENTACIÓN.....	1
2.	OBXECTIVOS.....	3
3.	CONTIDO.....	3
4.	PERSOAS DESTINATARIAS.....	4
5.	METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	4
6.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN.....	5
7.	AVALIACIÓN.....	5
8.	EQUIPO DOCENTE.....	6
9.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	6

## 0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	100 horas
 Lugar	En liña –Plataforma Moodle
 Datas	Do 8 de abril ao 30 de xuño de 2021
 Horario	NA
 Prezo	Persoas colegiadas: 110€ Persoas non colegiadas: 140€

**NOTA:** A renuncia ás prazas adjudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes do cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

## 1. FUNDAMENTACIÓN

As actuais necesidades sociais estannos a demandar ofertas formativas amplas, son só no que se refiren ás disciplinas, que tradicionalmente se adestran dende o sistema educativo, senón dende diversos terreos como o da saúde, o sociosanitario, a igualdade de xénero, a sexualidade, a cooperación, a empresa, a comunicación e creatividade, a convivencia, a resolución de conflitos, a educación medioambiental e consumo responsable, as relacións paterno-filiales, o ocio e o tempo libre... entre outros.

É neste eido, onde o Traballo Social dende a súa ampla perspectiva, conta co coñecemento para poder impartir ensinanzas teórico-prácticas, xa que ademais, en moitos casos a nosa formación unida a experiencia profesional e de especialización coa que conta cada persoa, convértenos nas e nos profesionais idóneos para impartir docencia nun amplo abanico de materias.

Para poder desenvolver a nosa actividade docente, no eido da formación regrada ( primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e estudos universitarios), debemos contar coa capacitación profesional, anteriormente Capacitación de Actitude Pedagóxica e na actualidade co Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

As traballadoras e traballadores sociais, formamos parte do sistema educativo formal, nas propias facultades de Traballo Social, nos centros educativos a través dos Equipos de Orientación Psicopedagóxica, pero como é ben sabido con moi pouca presenza, cabe dicir que se necesitaran moitas e moitos máis profesionais en colexios e institutos, xa que se nos necesita, se nos acepta e dende logo se nos demanda cada vez en maior medida.

Esta barreira coa que nos encontramos, no eido educativo formal, non é tan acusada no informal, onde cada vez son máis traballadoras e traballadores sociais os que participan activamente nesta tipoloxía de formación, promovendo, organizando e impartindo actividades formativas para distintos colectivos, para distintas organizacións, administracións públicas e empresas, sendo posiblemente este o ámbito onde se están a de mandar e dedicando mais traballadoras e traballadores sociais.

Para a impartición de formación non regrada e informal, ademais da anterior acreditación, podemos con contar con de máis de 600h de docencia ou o Certificado de Profesionalidade da Formación Profesional para o Emprego.

Dita educación non formal ou non regrada, cubre toda actividade educativa organizada e sistemática, impartida fora do marco do sistema formal, para subministrar determinados tipos de aprendizaxes a subgrupos concretos da poboación.

Estaría neste tipo de educación, a oferta complementaria integrada pola formación ocupacional para persoas en situación de desemprego, as escolas de nais e pais, a formación para a igualdade de xénero e contra a violencia de xénero, a educación para a saúde proporcionada polo sistema sanitario, formación á colexiación, á administración, en academias....e nunha infinita gama de accións formativas.

Cabe sinalar que as e os profesionais do Traballo Social, de forma consciente ou inconsciente, adicámonos de forma constante á formación, e podemos contemplar a formación e a docencia coma unha interesante saída profesional, xa sexa para todas as persoas que se dedican o exercicio libre e tamén paras as que poden compatibilizar esta labor con outras ocupacións profesionais.

Tendo en conta a nosa formación de base, a nosa disciplina e o ligada que esta está a formación e a docencia, non podemos obviar a necesidade que temos de formarnos en habilidades docentes, adquirir as ferramentas necesarias para que a nosa docencia estea adaptada os novos tempos e poder desenvolvernos neste campo do mesmo xeito profesional que o facemos nos propios do Traballo Social.

Non debemos esquecer que temos un papel educativo. Un papel, que tal e como temos visto sexa dende o ámbito da formación formal ou informal ou dende a actividade intrínseca o noso traballo diario, ten moito de formación, de docencia e de comunicación efectiva.

Esta formación para a colexiación nace da necesidade de aproveitar todas as potencialidades e capacidades coas que contamos nas áreas de formación e docencia, por medio de formación específica que nos capacite para dita labor, mediante unha ampliación de coñecementos e adquisición de ferramentas didácticas adaptadas a nosa profesión que nos permita conectar de forma efectiva en áreas nas cales podemos desenvolvernos profesional e laboralmente.

## 2. OBXECTIVOS

- Programar accións formativas, axeitadas ás características e condicións da formación, o perfil e realidade social das persoas destinatarias.
- Seleccionar, elaborar, adaptar e empregar materiais, medios e recursos didácticos, para o desenvolvemento de contidos formativos.
- Impartir e titorizar accións formativas empregando técnicas, estratexias e recursos didácticos adaptados.
- Avaliar o proceso ensinanza aprendizaxe, nas accións formativas.

## 3. CONTIDOS

3

### MÓDULO 1. PROGRAMACIÓN DIDACTICA DE ACCIÓNS FORMATIVAS. (10h)

1. Introducción o Sistema Formativo Non Regrado.
2. O Traballo Social como disciplina óptima para a labor docente.
3. Elaboración da programación didáctica de unha acción formativa.
  - A formación por competencias.
  - Características xerais na programación de accións formativas.
  - Temporalización, secuenciación de contidos e concreción de actividades.
4. Elaboración da guía para as accións formativas, na modalidade de impartición de formación online.

### MÓDULO 2. DESEÑO, ELABORACIÓN E USO DE MATERAIS E RECURSOS DIXITAIS GRÁFICOS. (20h)

1. Deseño e elaboración de materia didáctico impreso.
2. Planificación e emprego de medios e recursos gráficos.
3. Deseño e elaboración de materiais e presentacións multimedia.
4. Emprego da Web como recurso didáctico.
5. Entorno virtual na aprendizaxe adaptada.

### MÓDULO 3. IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS. (25h)

1. Aspectos psicopedagóxicos. O proceso de aprendizaxe nas persoas adultas. A motivación.
2. A comunicación e o proceso de aprendizaxe.
3. O proceso de dinamización. O aprendizaxe en grupo: técnicas de dinamización grupal.
4. Coordinación e moderación do grupo.

5. Tipos de respostas ante as actuacións do alumnado.
6. Resolución de conflitos.
7. Estratexias e principios metodolóxicos.
8. Métodos de ensinanza.
9. Habilidades docentes.
10. Estilos didácticos.
11. A sesión formativa.
12. A simulación docente.

#### **MÓDULO 4. TITORIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS. (15h)**

1. Características das acción de titorización.
2. Modalidades de formación: presencial, mixta e a distancia.
3. Estratexias de aprendizaxe autónomo. Estilos de aprendizaxe.
4. A comunicación online.
5. A titoría presencial e a titoría en liña.

#### **MÓDULO 5. AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINANZA – APRENDIZAXE. (10h)**

1. Avaliación da aprendizaxe. A avaliación por competencias.
2. Elaboración de probas teóricas adaptadas o contexto social.
3. Elaboración de probas prácticas adaptadas o contexto social.
4. Informes de seguimentos e avaliación das accións formativas.

#### **PRESENTACIÓN INDIVIDUAL DUN PROXECTO DE FORMACIÓN. (20h )**

4

### **4. PERSOAS DESTINATARIAS**

---

Traballadoras e traballadores sociais, con necesidade de formación específica para poder desenvolverse laboralmente impartindo formación, en empresas, organizacións e entidades de carácter público e privado, que impartan formación por conta propia ou allea.

Profesionais que se desenvolvan ou teñan interese en adicarse o ámbito da formación e docencia para persoas traballadoras en activo, en situación de desemprego e para colectivos concretos.

Traballadoras e traballadores sociais que compatibilicen a súa actividade profesional coa labor formativa, divulgativa de sensibilización.

### **5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS**

---

A formación é de 100h, está estruturada nun 40% en metodoloxía de transmisión, a través do método expositivo e demostrativo, co obxectivo de transmitir información, que promova o proceso de integración de coñecementos e nun 60% nunha metodoloxía centrada

nos procesos de aplicación no que o alumnado será capaz de aplicar os coñecementos aprendidos e producir novas situacións.

Empregaranse métodos interactivos tales coma estudos de caso, resolucións de problemas ou aprendizaxe baseado en problemas (ABP), simulacións e proxectos.

A formación será 100% online, cada un dos temas irá acompañado do correspondente manual e por cada un dos temas realizarase unha sesión presencial, nesta sesión farase un resumo a modo de taller onde a docente porá en práctica de xeito demostrativo os coñecementos teóricos da formación.

Por cada un, dos temas e unidades do mesmo, o alumnado terá que presentar distintos exercidos prácticos, para os que é esencial, que se conte: con ordenador, conexión a internet, unha conta de Gmail e un móbil ou dispositivo para gravar vídeos.

## 6. CALENDARIO/PLANIFICACIÓN

---

O curso celebrarase entre o **8 de abril e o 30 de xuño de 2021**.

Datas previstas para as **sesións presenciais en modalidade online** (16H) :

- 1º SESIÓN PRESENCIAL: 15 de abril de 2021. DURACIÓN 4 H. De 16.00h a 20.00h.
- 2º SESIÓN PRESENCIAL: 29 de abril de 2021. DURACIÓN 4 H. De 16.00h a 20.00h.
- 3º SESIÓN PRESENCIAL: 13 de maio de 2021. DURACIÓN 4 H. De 16.00h a 20.00h.
- 4º SESIÓN PRESENCIAL: 10 de xuño de 2021. DURACIÓN 4 H. De 16.00h a 20.00h.

5

## 7. AVALIACIÓN

---

Para poder acreditar mediante diploma a superación da acción formativa, será preciso realizar o cuestionario de cada un dos módulos, os exercicios prácticos es as simulacións que as persoas docentes encomenden ao alumnado.

Nesta acción formativa é preciso asistir ao 75% das clases presenciais, en modalidade online.

A participación nos foros e de carácter voluntario, pero aconséllase formar parte activa para acadar un maior enriquecemento, tanto a nivel individual como de grupo.

## 8. EQUIPO DOCENTE

---

### Alexia Peteiro Mata

Traballadora Social de profesión, Alexia desde os inicios da súa carreira profesional traballa no ámbito da atención á dependencia, onde se especializa e adquire experiencia en xestión sociosanitaria; desenvolvéndose nas áreas implicadas na xestión de organizacións prestadoras de servizos sociais, especialmente naqueles aspectos vinculados ao eido organizacional, *marketing* social e atención centrada na persoa.

Ao longo da súa traxectoria segue nutrindo o seu interese pola xestión con experiencias profesionais en sectores non vinculados ao ámbito social, o que lle permite coñecer novas necesidades nas áreas empresariais e que motivan o proxecto no que se encontra na actualidade: o exercicio libre.

Dende 2017 adícase o exercicio libre, levando a cabo proxectos de traballo social en empresa, responsabilidade social corporativa e de docencia.

## 9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

---

- ■ Michael Birkenbihl (2008): “Formación de Formadores”, *Madrid, Paraninfo*.
- ■ Eduardo Martín Puebla (2009): “El Sistema de Formación Profesional para el Empleo”, *Valladolid, Lex Nova*.
- ■ Rosa M<sup>a</sup> Goig Martínez (2013): “Formación del Profesorado en la Sociedad Digital. Investigación, Innovación y Recursos Didácticos”, *Madrid, UNED*.



## COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



981 568 100



Rúa Dublín, 6  
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



facebook.com/COTSdeGalicia